

MOCHILAS VIAXEIRAS



A mochila viaxeira está pensada para que, desde a biblioteca escolar, se poida organizar unha actividade que implique ás familias, e así proporcionar un motivo de encontro entre os distintos membros desta, tomando como motivo o mundo dos libros e da lectura. A mochila é o soporte que permitirá aos rapaces e rapazas levar á súa casa, en préstamo temporal, uns materiais que reforcen o vínculo entre familia e escola no seu labor común para a formación dos lectores máis novos.

As mochilas viaxeiras son instrumentos de vinculación, complicidade e participación das familias. Son un convite a compartir momentos e ter conversas lectoras, a partir dos contidos e recursos que o centro empresta.

- O empréstimo será **semanal** e implementarse **dende outubro ata maio** de cada curso escolar.
- Cada mochila ten a consideración de lector e, polo tanto, ten un **número de lector** asociado.
- O contido de cada mochila será **rexistrado** no sistema de xestión bibliotecaria MEIGA.
- Para que cada mochila viaxeira sexa á súa vez unha **mochila lixeira**, axustaremos o número de exemplares ou materiais a incluír.
- Tamén procuraremos **equilibrar os contidos a nivel lingüístico**, incluíndo nas mochilas o mesmo número de recursos en lingua castelá e galega, acompañándose sempre dun exemplar en lingua inglesa.
- Cada mochila viaxeira acompañarase dun **caderno viaxeiro** no que cada alumno/-a e/ou cada familia poderá escribir a súa opinión sobre o contido e realizar suxestións.
- Cada **titor/-a** encargarse de revisar o contido das mesmas no momento da súa devolución e realizará o seguimento do caderno viaxeiro, achegando o feedback dos diarios ao equipo de biblioteca escolar.
- Os préstamos das mochilas viaxeiras rexeranse polas mesmas **normas de custodia e coidado** por parte do alumnado/familias, que deberán comprobar antes da súa devolución que conteñan todos os materiais e atópanse en perfecto estado.